



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G003/001910

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Corrección de erros PCAP e PPT expediente de contratación axuda no fogar)

Por acordo plenario do 29 de xullo de 2021 aprobouse o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adjudicación, do Servizo de Axuda no Fogar, cun orzamento base de licitación total de 1.886.607,99 € (base: 1.814.046,14 €, IVE 72.561,85 euros) e un valor estimado de 4.382.772,28 €.

Logo da publicación na plataforma de contratación do expediente e dos PCAP e PPT puxéronse de manifesto diversos erros de transcripción polos posibles licitadores e por un recorrente que interpuxo o correspondente recurso especial ante o TACGal o pasado 20 de agosto.

Na plataforma respostouse o pasado 11.08.2021 a unha pregunta formulada nos seguintes termos:

"Efectivamente, en la página 6 del PCAP existen esos dos errores de redacción. La información correcta es la siguiente:

- Epígrafe 15.2.1.- PREZO: la puntuación máxima es de 30 puntos. Por lo tanto en la fórmula, donde dice "50 p." debe entenderse como "30 p."

- Epígrafe 15.2.2.- Melloras ofertadas, apartado A.1 Bolsa de horas ordinarias anuais gratuítas: la puntuación máxima es de 2,50 puntos. Por lo tanto en el segundo párrafo, donde dice "5 puntos" debe entenderse como "2,50 puntos".

Sen embargo ante a posta de manifesto no recurso dalgún máis, en función do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas procede corríxilos mediante a presente resolución e conceder unha ampliación de prazo para a presentación de ofertas e facilitar os trámites aos licitadores coa información debidamente corrixida. Os erros que se sinalan son evidentes e despréndense do propio documento que os contén, sen necesidade de interpretación e sen prexudicar intereses de terceiros, aclarando a súa corrección algunha dúbida que puidera ter xurdido.

Así onde sinala na páxina 6 do PCAP:

"15.2.1.- PREZO (máximo 30 puntos).

Outorgarase a máxima puntuación á oferta de contía menor de todas as admitidas, valorándose o resto das ofertas de forma inversamente proporcional segundo a seguinte fórmula, adecuada aos principios de igualdade de trato, transparencia e eficiencia económica

Puntuación do licitador X= (oferta mais baixa: oferta do licitador X) x puntuación máxima (50p.)".

Debe dicir:

"15.2.1.- PREZO (máximo 30 puntos).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Outorgarase a máxima puntuación á oferta de contía menor de todas as admitidas, valorándose o resto das ofertas de forma inversamente proporcional segundo a seguinte fórmula, adecuada aos principios de igualdade de trato, transparencia e eficiencia económica

Puntuación do licitador $X = (\text{oferta mais baixa} : \text{oferta do licitador } X) \times \text{puntuación máxima (30p.)}$ ”.

Na páx. 6 do PCAP onde di

“A.1 Bolsa de horas ordinarias anuais gratuítas (máx. 2,50 puntos): Serán horas gratuítas para a realización das tarefas que se indican no prego de prescricións técnicas e que forman parte do obxecto do servizo de axuda no fogar a prestar dentro do servizo ordinario.

Obterá a máxima puntuación neste subapartado (5 puntos) a proposición que conteña unha maior oferta de horas sen custo para o concello, obterán 0 puntos as que non oferten horas e o resto valorarase de forma proporcional”.

Debe dicir:

“A.1 Bolsa de horas ordinarias anuais gratuítas (máx. 2,50 puntos): Serán horas gratuítas para a realización das tarefas que se indican no prego de prescricións técnicas e que forman parte do obxecto do servizo de axuda no fogar a prestar dentro do servizo ordinario.

Obterá a máxima puntuación neste subapartado (**2,50 puntos**) a proposición que conteña unha maior oferta de horas sen custo para o concello, obterán 0 puntos as que non oferten horas e o resto valorarase de forma proporcional”.

Na páx. 7 do PPT onde di:

“O comezo dos servizos realizarase pola empresa adxudicataria nos seguintes prazos, engadindo a comunicación de alta cursada polo Concello de Sada:

a) Servizo concedido pola vía ordinaria: non poderá ser superior a sete días naturais dende a comunicación por parte do Concello”.

Debe dicir:

“O comezo dos servizos realizarase pola empresa adxudicataria nos seguintes prazos, engadindo a comunicación de alta cursada polo Concello de Sada:

a) Servizo concedido pola vía ordinaria: non poderá ser superior a **5** días naturais dende a comunicación por parte do Concello”.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Estando desta maneira acorde co sinalado na mesma páxina en relación ao que lle corresponde á empresa adxudicataria.

Na páx. 13 dos PPT recóllese:

“A empresa adxudicataria adiantará, de ser necesario e de xeito temporal, as axudas técnicas que as auxiliares de axuda no fogar poidan precisar para a axeitada atención dos usuarios”.

Debendo substituírse as palabras “e no” por un punto por resultar inconexa ao final da frase as mesmas:

“A empresa adxudicataria adiantará, de ser necesario e de xeito temporal, as axudas técnicas que as auxiliares de axuda no fogar poidan precisar para a axeitada atención dos usuarios”.

En función do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o artigo 21.1.q) da Lei 7/85, do 2 de abril, pola que se regulan as bases do réxime local e o artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as correccións de erros sinaladas, quedando redactados o PCAP e o PPT nas partes afectadas da seguinte maneira:

Na páx. 6 do PCAP:

“15.2.1.- PREZO (máximo 30 puntos).

Outorgarase a máxima puntuación á oferta de contía menor de todas as admitidas, valorándose o resto das ofertas de forma inversamente proporcional segundo a seguinte fórmula, adecuada aos principios de igualdade de trato, transparencia e eficiencia económica

Puntuación do licitador $X = (\text{oferta mais baixa} : \text{oferta do licitador } X) \times \text{puntuación máxima (30p.)}$ ”.

“A.1 Bolsa de horas ordinarias anuais gratuítas (máx. 2,50 puntos): Serán horas gratuítas para a realización das tarefas que se indican no prego de prescricións técnicas e que forman parte do obxecto do servizo de axuda no fogar a prestar dentro do servizo ordinario.

Obterá a máxima puntuación neste subapartado (2,50 puntos) a proposición que conteña unha maior oferta de horas sen custo para o concello, obterán 0 puntos as que non oferten horas e o resto valorarase de forma proporcional”.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Na páx. 7 do PPT:

“O comezo dos servizos realizarase pola empresa adxudicataria nos seguintes prazos, engadindo a comunicación de alta cursada polo Concello de Sada:

a) Servizo concedido pola vía ordinaria: non poderá ser superior a 5 días naturais dende a comunicación por parte do Concello”.

Na páx. 13 do PPT:

“A empresa adxudicataria adiantará, de ser necesario e de xeito temporal, as axudas técnicas que as auxiliares de axuda no fogar poidan precisar para a axeitada atención dos usuarios”.

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas 10 días naturais.

Terceiro.- Publicar a presente resolución na plataforma de contratación e dar conta ao pleno.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.